

II. AUTORIDADES E PERSOAL**B) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

ORDE do 18 de xuño de 2025 pola que se dispón o nomeamento dunha vogal do Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

O Consello Reitor é o órgano superior colexiado de dirección da entidade pública empresarial Portos de Galicia, tal como determina o artigo 13 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. A súa disposición transitoria novena, engadida polo artigo 17 da Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que mentres non se estableza regulamentariamente o número de vogais do Consello Reitor, a composición do dito órgano e o réxime de substitucións serán os establecidos nos artigos 10 e 11 do Regulamento de Portos de Galicia, aprobado polo Decreto 227/1995, do 20 de xullo, e que o nomeamento dos vogais o realizará a persoa titular da consellería competente en materia de portos, conforme dispón o artigo 13.2 da Lei 6/2017, do 12 de decembro.

O artigo 10 do Regulamento, no seu número 3, determina que, dos dez vogais representantes da Administración autonómica no Consello Reitor, dous serano en representación da Consellería do Mar.

Polo exposto, no exercicio da facultade atribuída,

DISPOÑO:

O nomeamento de María de los Ángeles Vázquez Suárez como vogal no Consello Reitor da entidade pública empresarial Portos de Galicia, en representación da Consellería do Mar.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2025

Marta Villaverde Acuña
Conselleira do Mar

